

Nº EXPEDIENTE:	2024/1354C
PROCEDEMENTO:	P1 – Previo de necesidades
REF. ADICIONAL:	MRU/20/2021
PLAN:	Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023
CONTRATO OBRAS:	Pavimentación do núcleo interior do lugar de Pedrido (Vilvestro)

### DESCRIPCIÓN DAS OBRAS A REALIZAR

A descrición dos traballos e as condicións técnicas que rexerán o contrato de obra están definidos no proxecto construtivo denominado “*Pavimentación do núcleo interior do lugar de Pedrido (Vilvestro)*”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños D. Pablo Blanco Ferreiro en febreiro de 2022 (asinado dixitalmente con data 05/05/2022) e aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 13/02/2023.

### XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS QUE DAN LUGAR AO ORZAMENTO DE LICITACIÓN

A xustificación dos prezos unitarios desenvólvese no Anexo nº 2 “Xustificación de prezos” da Memoria do proxecto construtivo e foron calculados segundo a normativa de contratos do Sector Público.

No “Orzamento” do proxecto construtivo figuran os prezos unitarios nos cadros de prezos nº 1 e nº 2.

### FINANCIACIÓN DO CONTRATO

A actuación prevista no proxecto construtivo foi incluída polo Concello de Santiago de Compostela, segundo acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 13/02/2023, no Plan provincial de cooperación municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” da Deputación Provincial da Coruña. As bases reguladoras de dito plan foron aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria de 25/11/2022 (BOP nº 228 de 01/12/2022).

O investimento foi aprobado inicialmente sen condicións polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña na súa sesión ordinaria de 26/05/2023 con cargo á achega provincial 2022 do plan POS+ 2023.

Mediante circular complementaria de xuño de 2023 (sinatura dixital de 15/06/2023) a Deputación Provincial da Coruña comunicou que despois da exposición pública da aprobación inicial do plan POS+ 2023, sen que se presentase reclamación nin alegación ningunha, dito Plan considerase definitivamente aprobado.

O investimento financiarase, nas condicións establecidas nas bases reguladoras do plan POS+ 2023, segundo o seguinte cadro:

Axente financeiro	Achega
Deputación Provincial da Coruña	65.336,07 €
Concello de Santiago de Compostela	109.992,05 €
<i>Total</i>	<i>175.328,12 €</i>

CONCELLERÍA DE DEPORTES, RELACIÓNS VECIÑAIS, FESTAS, RURAL E UMAD

A documentación da actuación se atopa na plataforma electrónica SUBTeL da Deputación Provincial cos seguintes datos:

	Plan POS+ 2023	Obra
Expediente	2022000049781	2023000009757
Código	-----	2023.2000.0231.0

**ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN**

O orzamento máximo de licitación, sen incluír o I.V.E., que deberá soportar a Administración, fíxase en **144.899,27 €** segundo o seguinte detalle:

Orzamento de execución material .....	121.764,09 €
13% de Gastos Xerais .....	15.829,33 €
6% de Beneficio Industrial .....	7.305,85 €
<b>Orzamento de licitación .....</b>	<b>144.899,27 €</b>
21% de I.V.E. ....	30.428,85 €
<b>Orzamento xeral de contratación .....</b>	<b>175.328,12 €</b>

O orzamento asignado ao desenvolvemento do contrato por exercicios orzamentarios (anualidades) é o seguinte:

	Exercicio orzamentario (anualidade)	<i>Total</i>
	2024	
Orzamento de licitación	144.899,27 €	144.899,27 €
21% de I.V.E.	30.428,85 €	30.428,85 €
<b>Total orzamento</b>	<b>175.328,12 €</b>	<b>175.328,12 €</b>

Santiago de Compostela, nas datas das sinaturas dixitais

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

A concelleira delegada de Deportes, Relacións Veciñais, Festas, Rural e UMAD,